



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 22/10/2011.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.  
D. Manuel Varela Mecías.  
D<sup>a</sup> María del Carmen Muiño Filgueira.  
D<sup>a</sup> María Amparo Calvo González.  
D. Jesús Manuel Soto Vivero.  
D<sup>a</sup> Ana Belén Breijo Gundín.  
D. Plácido López Loureiro.  
D. Hipólito Díaz Silva.  
D<sup>a</sup> Silvia Fernández Muiño.  
D. Fernando Márquez Hermida.

Concelleiro ausente:

D. Xosé López Gudín.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e un minutos do día vintedous de outubro de dous mil once, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde. O Sr. Alcalde explica que o concelleiro Sr. López Gudín non pode asistir á presente sesión por razóns de saúde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día tres de setembro do presente ano dous mil once. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

**SEGUNDO. SORTEO PARA SELECCIÓN DE MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS.**

Visto o contido do artigo 26 da Ley Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, o Pleno da Corporación da inicio o sorteo público para a designación dos membros, tanto titulares como suplentes, de cada unha das sete Mesas Electorais que deberán



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

constituirse para a celebración das eleccións xerais convocadas para o próximo día vinte de novembro, que se realiza por medios informáticos.

Cada unha das Mesas Electorais queda integrada polas persoas que se relacionan no expediente tramitado a tal finalidade, o que se comunicará coa brevidade posible á Xunta Electoral de Zona de Ferrol, ós efectos oportunos.

**TERCEIRO. APROBACION INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 01/2011.**

Dase conta polo concelleiro de facenda, Sr. Soto, da necesidade de modificar o crédito disponible nunha partida do presuposto do presente exercicio 2011, mediante un suplemento de crédito, para incrementar a dotación do artigo 60, área de gasto 4, adicado a inversión nova en infraestrutura e bens destiñados ao uso xeral, e concretamente á obra de rehabilitación do Pazo da Marquesa, dotada inicialmente con 500.000 euros, na cantidade de 117.700 euros, necesaria para cubrir o custe total de execución por contrata do proxecto xa redactado para esa obra, cantidade procedente do remanente de tesoureiría do exercicio 2010.

O asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. Márquez toma a palabra para dicir que consideraría preferible que a obra se realizase coa consignación existente no presuposto aprobado. O Sr. Soto resposta que a consignación inicial é por suposto susceptible de modificacións, e que como o procedemento de adxudicación será aberto, cabe a posibilidade de baixas de licitación. O Sr. Alcalde di que o incremento de que se trata adicarase a inversión e financiarase co produto do aforro e da austeridade nos últimos exercicios, ademáis de que servirá de estímulo económico na comarca, e que hai que felicitar o concelleiro de facenda, xa que esta é a primeira modificación que se fai neste exercicio, insistindo tamén na posibilidade de baixas no proceso de adxudicación da obra.

O Sr. Márquez fala de novo para indicar que unha baixa dese importe non sería posible se o presuposto do proxecto non estivese inflado, respostándolle o Sr. Soto que son habituais as adxudicacións de obras moi por baixo do prezo de licitación, e que a marxe de baixa depende en cada caso das circunstancias particulares das empresas que concurren ás convocatorias. O Sr. Márquez insiste en que, en caso de non haber baixa, o Concello debería asumir o custe total da adxudicación, cuestionando a oportunidade dun gasto tan cuantioso neste momento de crise e no posible desequilibrio que representa en relación co resto das parroquias do Concello. O Sr. Alcalde di que esta obra é unha aposta política e un compromiso electoral do seu partido; o Sr. Márquez resposta que tamén estaba no seu programa, pero que eso non xustifica gastar de máis habendo outros proxectos que tamén precisan financiación, e o Sr. Alcalde conclúe que o custe da obra soamente se coñecerá cando se adxudique, e que é preciso gastar o necesario para poner en uso o edificio canto antes.



Sometido seguidamente a votación ordinaria, a Corporación, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por maioría de sete votos, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres abstencións, dos concelleiros do PP, acorda:

1º.- Aprobar o expediente de modificación de créditos n.º 01/2011, do Presupuesto do 2011, na modalidade de suplemento de crédito financiado mediante o remanente positivo de tesoureiría do exercicio anterior, de acordo co seguinte detalle:

Altas en Partidas de Gastos:

Partida: grupo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
4 – 60	1.369.000	107.100	1.476.100

Altas en Partidas de Ingresos:

Partida: capítulo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
01/08/87	0	107.100	107.100

2º.- Ordear a exposición ó público do contido do presente acordo, polo prazo de quince días hábiles, a efectos de posibilitar, no seu caso, o seu exame e a presentación de reclamacións, especificando que, no caso de que non se presenten reclamacións durante o expresado prazo, entenderase definitivamente aprobado o expediente de que se trata.

#### CUARTO. APROBACIÓN DE PROXECTO PARA A REHABILITACIÓN DO PAZO DA MARQUESA.

Dase conta do proxecto de execución para a obra de “Rehabilitación do Pazo da Marquesa”, obra incluída no anexo de inversións do presuposto deste Concello para 2011, redactado polo arquitecto A. Iván Rivas Rico e que ten un presuposto de execución por contrata de 617.601,19 euros, 523.390,84 euros do proxecto e 94.210,35 euros do IVE. O proxecto reúne os requisitos e ten o contido indicado nos artigos 105 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público. O asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. Márquez pregunta se o edificio quedará xa acondicionado para o seu uso como oficinas do Concello, e o Sr. Varela resposta que sí, que non se modifica a estrutura do edificio, polo que as divisións interiores se farán co moblaxe, e que o proxecto foi autorizado por Patrimonio, que tamén dictou algunhas orientacións sobre o mesmo.

O Sr. Márquez di que bota en falla un debate entre os grupos para determinar o destino do edificio, que podería ser outro distinto do de sede do Concello, respostándolle o Sr. Soto que ese debate xa tivera lugar e que se acordara co resto dos grupos darlle este destino ó Pazo; o Sr. Márquez amósase en desacordo, indicando que non se acadou un acordo concreto nesos contactos, senon que quedaron abertas varias propostas. O Sr. Alcalde di que xa no escrito remitido hai tempo á Xunta, aínda que non foi a Xunta quen cedeu o Pazo, indicábanse varios usos posibles para a parte de nova construción, mentres que para o edificio histórico sempre



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

se pensou no traslado da Casa do Concello, e que o PSOE xa falaba no 2007 da construción dunha nova sede para o Concello. O Sr. Márquez di que as circunstancias cambian, que cambiar o que funciona ben pode ser arriesgado e que tamén se podería pensar noutros usos de carácter público, e o Sr. Alcalde insiste en que o uso foi acordado nunha xunta de portavoces e refrendado polos votos da maioría dos veciños, que é preciso executar os acordos xa adoptados e que nesa nova sede pódese mellorar a calidade dos servizos que se prestan ós veciños, especialmente no ámbito dos servizos sociais, xa que se disporá de máis e mellores espazos, ademáis de que se iniciará o deseño do San Sadurniño do futuro, organizado en torno a un auténtico centro urbano. O Sr. Varela engade que na actual Casa do Concello non se poden facer máis ampliacións, porque o resto do edificio é da Igrexa e non o cede, e que se utilizará para outras finalidades.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos, dos concelleiros presentes do BNG, con catro abstencións, dos tres do PP e o do PSOE, acorda aprobar o referido proxecto de execución para a obra de rehabilitación do Pazo da Marquesa.

#### QUINTO. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DA OBRA DO PAZO DA MARQUESA.

Dase conta de seguido do expediente iniciado para a contratación das obras de "Rehabilitación do Pazo da Marquesa", que se financiará principalmente mediante o convenio suscrito co Ministerio de Cultura, cun importe total de execución por contrata de 617.601,19 euros, 523.390,84 euros do proxecto e 94.210,35 euros do IVE. Obra no expediente a totalidade da documentación necesaria. O asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello.

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por maioría de seis votos, dos concelleiros presentes do BNG, con catro abstencións, dos tres do PP e o do PSOE, acorda:

1º.- Aprobar o expediente incoado para a contratación, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, da execución da referida obra, polo prezo de licitación indicado anteriormente.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá o contrato de obras de que se trata, así como o cadro de características do contrato, que se considera a tódolos efectos como parte integrante do prego de condicións, igual que o proxecto do referido investimento.

3º.- Ordear a publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no perfil do contratante do anuncio de licitación, para que durante o prazo de vinteseis días naturais os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes.

4º.- Especificar que este Concello ten Mesa de Contratación constituída por Resolución da Alcaldía de data do 13/06/2011, cuxa composición fíxose pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 127, do 05/072011.



5º.- Facultar ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, tan amplamente como sexa preciso, para a realización dos trámites e a sinatura dos documentos necesarios para a plena efectividade do presente acordo, xestións das que se dará conta a este Pleno, competente para a adxudicación do contrato de que se trata.

#### SEXTO. MOCIÓN DO B.N.G. EN RELACIÓN CO FUTURO DO SECTOR NAVAL NA RÍA DE FERROL.

Dase conta da moción presentada no rexistro do Concello polo grupo do BNG con data do 30/09/2011, dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello e relativa ó futuro do sector naval na ría de Ferrol, que literalmente di:

“A inquietude sobre o futuro dos estaleiros que Navantia ten na Ría de Ferrol - Ferrol e Fene - vai en aumento a medida que estes centros van rematando a súa carga de traballo e non reciben novos pedidos. A falla de carga de traballo a medio prazo incrementou a preocupación nos estaleiros, tamén nas empresas auxiliares cuxa actividade depende da actividade dos primeiros, unha preocupante situación que o mesmo Presidente de Navantia recoñeceu publicamente. De feito, é público que os estaleiros da Ría de Ferrol tan só contan con carga de traballo até o ano 2012, pasando a ser os que menos carga de traballo teñen dentro do grupo Navantia; mentras que as factorías de Cadiz e Cartagena teñen asegurada a súa actividade ata o ano 2015.

A ausencia de actividade futura afecta así mesmo a todas as empresas auxiliares, cuxos traballadores levan tempo alertando sobre as negras perspectivas futuras. Esta situación derivou en importantes mobilizacións dos traballadores dos estaleiros e as empresas auxiliares en demanda da carga de traballo que garanta a actividade futura. Do contrario, enfrontamonos à perda masiva de empregos nun sector industrial estratéxico como é o naval. Urxe por tanto, a implicación das administracións para que non se cumpran os peores augurios e Ferrol non se vexa obrigado a revivir os durísimos efectos doutra reconversión naval que suporía un ataque frontal, máis ben mortal, a súa economía.

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS**

1.- Esixir á SEPI que elabore e impulse un Plan de Traballo para asegurar a carteira de traballo dos estaleiros públicos da Ría de Ferrol. Dito plan terá entre os seus obxectivos garantir o mantemento dos postos de traballo directos e indirectos en ditos estaleiros.

2.- Contemplan como unha prioridade estratéxica na axenda exterior do Goberno para captar inversión na economía española, a consecución de contratos cos estaleiros da Ría de Ferrol.

3.- Dar cumprimento ao compromiso adquirido polo Goberno do Estado de contratar a construción nos estaleiros de Navantia da Ría de Ferrol, da Viª fragata F100 para a mariña española.

4.- Negociar no ámbito da Unión Europea a eliminación das limitacións que actualmente pesan sobre os estaleiros de Navantia para poder operar plenamente no campo



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

da construción civil e en particular a limitación que pesa sobre o estaleiro de Fene para que poida construír buques.

5.- Promover no ámbito da Unión Europea medidas de carácter temporal que teñan en conta a especificidade do sector naval que contribúan a superar a crise que actualmente padece o sector.

6.- Esixirle á Xunta de Galiza que colabore coa SEPI no cofinanciamento e desenvolvemento dun centro de reparacións de Navantia na Ría de Ferrol, de acordo co "Contrato con Ferrol" exposto polo presidente Nuñez Feijoo en 2009.

7.- Impulsar a construción dun dique flotante que permita que o centro de reparacións de Navantia na Ría de Ferrol poida ofertar tamén a reparación e transformación de grandes buques, encomendando a construción do mesmo aos propios estaleiros de Navantia na Ría de Ferrol. "

En relación coa proposta de acordo nº 7 da moción, o Sr. Soto engade que segundo as últimas declaracións da Xunta relativas á participación do 50% prevista na financiación do dique flotante, agora parece que non vai ser asumida e tampouco aparece no presuposto de Navantia. Di que o que fai falta é que se deixe a estes estaleiros participar na construción naval de carácter civil, e que se trata dunha cuestión política.

Toma a palabra o Sr. Márquez, para amosar o seu acordo coa proposta, polo grave e preocupante da situación e das expectativas do sector, que fan necesario un acordo xeral entre tódolos grupos políticos para mellorar seriamente a competitividade. O Sr. López Loureiro tamén manifesta o seu acordo coa proposta, aínda que pensa que a capacidade de influencia sobre o tema do acordo que se adopte neste ámbito é escasa.

O Sr. Alcalde interven para dicir que se trata dunha cuestión que nos afecta de maneira directa, e na que a cidadanía demanda unha toma de postura que vaia máis aló do tema da falta de competencias da Xunta. Di que, se é preciso, deben solicitarse esas competencias, aínda modificando o Estatuto para acadar a posibilidade de que o sector naval de Ferrol poida volver a construír naves de uso civil.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á moción de que se trata.

#### SÉTIMO. TOMA DE RAZÓN E RATIFICACIÓN DE ACORDOS RELATIVOS A CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA A COMPRA DO ANTIGO CINE.

Dase conta de maneira resumida dos antecedentes do asunto, que xa foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello e obxecto dun acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión do 13/10/2011, que é o que se somete a ratificación, do seguinte tenor literal:

"Cuarto. Acordos relativos a convenio a suscribir coa Deputación Provincial.

Dase conta das actuacións preparatorias realizadas para a sinatura dun convenio coa Deputación Provincial da Coruña para a compra por parte do Concello do edificio no que se ubicaba o antigo cine, na Avenida Marqués de Figueroa, e do tempo xa transcorrido sen que se



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

impulsase ese convenio por parte da Deputación. Agora, tras o cambio político nesa institución, propúxose pola súa parte un cambio de destino desa cantidade, que podería ser utilizada para a restauración do conxunto de edificacións do Pazo da Marquesa, agora de titularidade municipal, o que esixe un rebrantexamento da cuestión por parte do Concello, coa finalidade de decidir cal debe ser o destino destes cartos á vista das novas circunstancias, que poderían aconsellar que se acepte esta proposta de modificación. Dase conta igualmente do acordo acadado ó respecto pola Comisión Informativa competente do Concello, integrada por representantes dos tres grupos políticos da corporación, no sentido de apoiar esa proposta da Deputación Provincial para o cambio de finalidade do convenio proxectado para a adquisición do antigo cine, que se adicará á financiación de obras de rehabilitación do conxunto de edificios do Pazo da Marquesa.

Tendo en conta o exposto, a Xunta, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda solicitar da Deputación Provincial da Coruña o cambio do obxecto do referido convenio para adicar a partida orzamentaria prevista a obras de restauración no conxunto de edificios que integran o Pazo da Marquesa, por consideralo a opción máis axeitada ó interese xeral do Concello, solicitando tamén a axilización dos trámites precisos a tal finalidade, para permitir a sinatura do convenio de que se trata coa brevidade posible."

O Sr. Alcalde di que, aínda que non sexa necesario legalmente, sométese a ratificación o acordo de que se trata para darlle unha maior solemnidade, dada a súa importancia económica e a súa relevancia en tódolos aspectos.

O Sr. Márquez manifesta a súa disconformidade co acordo de que se trata, polas razóns xa expostas na Comisión Informativa: a necesidade do espazo do antigo cine para o seu acondicionamento como salón de actos do colexio e para outros usos culturais, como locais de ensaio para grupos musicais, a inclusión dese investimento no presuposto para 2011 e o respecto ós acordos adoptados con anterioridade polo Concello, que lle parece unha cuestión ética, aínda que admite que pode que eses cartos estean mellor invertidos noutra cousa.

O Sr. Alcalde resposta decindo que as circunstancias cambiaron, que tampouco existe un plan de usos para o edificio, e que abordar a súa rehabilitación e posta en servizo resultaría moi difícil a curto prazo, pola previsible ausencia de financiación doutras administracións. Di que a valoración que se fixo no seu momento resulta excesiva agora, que coa cesión do conxunto de edificacións do Pazo hai outra alternativa para ubicar espazos culturais e que polo tanto a prioridade actual é investir nese entorno e que se falamos de ética, en relación cun tema que foi utilizado politicamente desde 2009 e que non se executou aínda que iba no presuposto provincial para 2010, habería que cuestionar a ética da Deputación Provincial en relación co PSOE de San Sadurniño.

O Sr. Márquez indica que se o convenio non se firmou antes foi porque o grupo de goberno non quixo e porque non se adoptaron con rapidez os acordos solicitados pola Deputación Provincial, indicando ademais que existe unha partida presupostaria que vai quedar sen executar. O Sr. Alcalde di que o diñeiro está, pero que o anterior presidente da Deputación especulaba con gobernar tamén na actual lexislatura para suprimir o convenio,



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

respostándolle o Sr. Márquez que no seu momento se poderá comparar a financiación facilitada pola Deputación nesta legislatura e na anterior. O Sr. Alcalde alude ós antecedentes do asunto desde o 2007, cando había un acordo xeral no tema da compra do edificio, na súa necesidade e na petición de cesión do Pazo para centro da terceira idade, decindo que as cousas cambiaron moito desde ese momento, pola construción do centro de día para maiores, a devaluación inmobiliaria e a efectiva cesión do Pazo, o que alterou completamente as prioridades. Refírese tamén ó contrato asinado en 2009 para a compra do cine, que expresamente recollía que o seu periodo de vixencia se limitaba ás anualidades 2009 e 2010, e ó orzamento de 2010, polo que o grupo de goberno do Concello cumpriu os seus compromisos, o que non fixeron o Sr. Márquez nin a Deputación. O Sr. Márquez replica que pode que a causa de que se bloquease o convenio teña que ver co feito de que o asunto publicouse na prensa.

Interven brevemente de seguido o Sr. López Loureiro, para dicir que xa no seu programa electoral manifestaban a súa opinión favorable a destinar esa financiación a outras finalidades, o que se considera lóxico porque diante dun cambio importante de circunstancias, tamén deben modificarse as prioridades.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de nove votos favorables, dos seis concelleiros presentes do BNG e os tres do PP, cun voto contrario, do concelleiro do PSOE, acorda ratificar na súa integridade o anteriormente reseñado acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en relación con este asunto.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as trece horas e sete minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,